

REGULAMENTO MINIBALONMÁN – A CORUÑA 2012-2013

INDICE :

1. O terreo de xogo
2. A duración do partido. A sinal de final.
3. O balón.
4. O equipo. Substitucións. Equipacións.
5. O porteiro
6. A área de portería.
7. Como pode xogarse o balón. Xogo pasivo.
8. Faltas e conduta antideportiva.
9. O gol.
10. O saque de árbitro.
11. O saque de banda.
12. O saque de portería.
13. O golpe franco.
14. O lanzamento de 6 metros.
15. As sancións.
16. Os árbitros.

REGLA 1 : O terreo de xogo. As porterías.

As medidas serán orientativas e caso de non ser as eiquí aconselladas deberán contar co visto bo dos árbitros previamente o inicio do partido.

1.1 O terreo de xogo é un rectángulo de entre 20 e 24 metros de largo e entre 13 e 17 metros de ancho (o ideal é 20x16) que consta de dúas áreas de portería e un área de xogo.

1.2 As porterías estarán situadas no centro da liña de fondo e deberán estar fixas as paredes detrás delas. Poderán ser unhas porterías especiais adaptadas a competición cunha altura de entre 1.80 e 1.70 metros ou unhas porterías cas medidas tradicionais adaptadas con algún sistema que limite a altura das mesmas.

NOTA : Debería poñerse unha rede entre os dous travesaños para evitar as dúbidas a hora de sinalar os goles.

1.3 Todas as liñas do terreo forman parte da superficie que delimitan.

1.4 A área de portería estará formada por unha liña recta de 3 metros de largo situada directamente diante da portería a unha distancia desta de 5 metros e paralela a liña de fondo e por dous cuartos de circunferencia

cun radio de 5 metros, medidos dende a esquina inferior do poste da portería mais proximo. Por operatividade aceptarase un semicírculo de 5.5 metros de radio trazado dende o centro da portería ou incluso un trapecio cunha base maior de 11 metros coincidente ca liña de fondo e unha base menor de 3 metros situada directamente diante da portería a unha distancia desta de 5 metros e paralela a liña de fondo.

1.5 A liña de limitación do porteiro será de 20 centímetros de lonxitude, paralela a de fondo e trazarase directamente diante do centro da portería a unha distancia de 3 metros desta.

NOTA : Todas estas liñas e delimitacións son medidas aproximadas e recomendadas.

REGLA 2 : A duración do partido. A sinal de inicio e final. O tempo morto.

2.1 Un partido dividirase en catro tempos independentes de 8 minutos. Entre o primeiro e o segundo e o terceiro e o cuarto haberá un descanso de 2 minutos e entre o segundo e o terceiro un de 5 minutos. Si, polo sistema de competición usado e necesario disputar unha prórroga esta xogarase logo de 5 minutos de descanso. O período de prórroga consistirá en dous tempos de cinco minutos separados por un minuto de descanso. Si o partido sigue empatado o gañador determinarase dacordo cas regras particulares da competición en disputa.

2.2 Os equipos cambiarán de campo no descanso entre o segundo e o terceiro tempos.

2.3 Cada tempo comezará co toque de silbato do árbitro para o saque de centro inicial e finalizará ca sinal do cronómetro mural público ou o do cronometrador. Si esta sinal non sonara, o árbitro con tres toques cortos de silbato indicará que ten finalizado o tempo de xogo.

2.4 O tempo morto será exclusivo do árbitro e preferentemente sinalarase coincidindo cunha parada do xogo.

REGLA 3 : O balón.

3.1 O balón será esférico e a súa superficie non debe ser resbaladiza nin brillante.

3.2 O tamaño, e dicir, a circunferencia e peso para ser usados son :

a) 48 centímetros e 290 gramos para categoría alevín.

b) 44 centímetros para categoría benxamín.

NOTA : Este apartado será obxecto de especial atención por parte do árbitro e non deixará que un partido se inicie cun balón dun **tamaño e peso** que imposibilite ou dificulte en exceso a disputa do partido en correctas condicións.

REGLA 4 : O equipo. Substitucións. Equipacións.

- 4.1 Un equipo poderá inscribir en acta un máximo de 12 xogadores na categoría benxamín e de 10 na categoría alevín.
- 4.2 O mínimo de xogadores para que un partido teña validez será de 5 e o máximo de 12 en benxamíns e de 10 en alevíns. Fora destes numeros o encontro disputarase obrigatoriamente e o resultado final será 8 - 0 en contra do equipo infractor.
- 4.3 Deberán estar presentes no terreo de xogo o mesmo tempo un máximo de cinco xogadores, un porteiro e catro xogadores de campo. O resto dos xogadores inscritos serán reservas.
- 4.4 Todos os xogadores inscritos no acta poderán xogar de porteiro ou xogador de campo. Todos os xogadores inscritos teñen a obrigación de xogar 8 minutos seguidos como mínimo. Os equipos poderán ser mixtos.
- 4.5 Durante un encontro un equipo poderá utilizar un máximo de 2 oficiais de equipo que non poderán ser substituídos sin permiso expreso do árbitro. Un deles designarase como “responsable de equipo”.
- 4.6 Durante o partido os reservas só poderán entrar nos descansos, cando haxa unha exclusión ou descalificación ou por lesión. En caso de exclusión dun xogador seu equipo substituirá o sancionado durante o tempo equivalente a sanción e transcurrida esta o xogador infractor deberá reincorporarse o xogo. O tempo que un xogador permanezca excluído contará para él como tempo xogado. O sustituto será un xogador dos que teñan intervindo menos dende o inicio do encontro.
- 4.7 O entrenador ou oficial, o inicio do partido ou de cada periodo facilitará o árbitro a composición do equipo.
- 4.8 Un xogador non poderá reincorporarse o xogo si é sancionado cunha segunda exclusión.
- 4.9 Todos os xogadores dun equipo deben vestir uniformes idénticos. O xogador que actúe de porteiro deberá vestir unha camiseta que o diferencie claramente dos xogadores de ambos equipos e do porteiro contrario.

REGLA 5 : O porteiro.

O porteiro terá permitido :

- 5.1 Tocar o balón con calquera parte do corpo, sempre que o faga con intención defensiva sobre a área de portería.
- 5.2 Desprazarse dentro da área de portería sin estar suxeto a ningunha das restriccións que se lle aplican os xogadores de campo en relación o número de pasos; non obstante, non se lle permite retrasar a execución dun saque de portería mais alo dos tres segundos.
- 5.3 O porteiro pode efectuar o saque de invasión de área dende calquera punto da área propia, sin esperar que o árbitro o indique.

O porteiro terá prohibido :

- 5.4 Poñer en perigo o contrario nunha acción defensiva.
- 5.5 Abandonar a área de portería con ou sin balón.
- 5.6 Tocar o balón si este está parado ou rodando no chan fora da área de portería.
- 5.7 Tocar o balón co pé ou a perna por debaixo do xeonllo cando estéa parado na área de portería ou rodando en dirección a área de xogo.
- 5.8 Franquear a liña de limitación de tres metros ou a súa prolongación a ambos lados, antes de que o balón saia da man do lanzador que executa un lanzamento de 6 metros.
- 5.9 Executar os saques de portería máis aló do seu propio campo (explicado doutra forma : cando un xogador recepciona un pase do seu porteiro non pode estar en campo contrario).

REGLA 6 : A área de portería.

- 6.1 Soamente se lle permite o porteiro penetrar na área de portería. A área inclúe a liña e considérase que se penetra nela cando un xogador a toca con calquera parte do corpo.
- 6.2 Un balón en contacto coa área de portería só pode xogalo o porteiro.
- 6.3 Si un xogador atacante penetra na área de portería sacando ventaxa directa desta acción o xogo reanúdase cun saque de portería.
- 6.4 Si un xogador defensor penetra na área de portería sacando ventaxa directa desta acción o xogo reanúdase cun lanzamento de 6 metros en contra do equipo do infractor.
- 6.5 Si un xogador **toca** o balón durante unha acción defensiva e este controlao o porteiro o xogo reanúdase cun saque de portería.
- 6.6 Si un xogador **bota** voluntariamente o balón cara a propia área de portería :
 - 1. Gol, si o balón penetra na portería.
 - 2. Lanzamento de 6 metros si o porteiro toca o balón.
 - 3. Saque de banda si o balón franquea a liña de fondo.
 - 4. O xogo continúa si o balón volve a área de xogo rexeitado dende a área sin telo tocado o porteiro.

REGLA 7 : Como xogar o balón. Xogo pasivo.

Está permitido :

- 7.1 Lanzar, coller, empurrar, golpear o balón utilizando as mans, brazos, cabeza, tronco, muslos e xeonllos.
- 7.2 Ter o balón suxeto durante un máximo de 3 segundos.

NOTA : Serase estrito en ambas categorías na aplicación da norma dos 3 segundos con tódolos xogadores incluídos os porteiros.

7.3 Dar como máximo tres pasos seguidos co balón suxeto. Si o xogador bota despois do primeiro ciclo de pasos poderá realizar outro novo ciclo dun máximo de tres. Tan só se permite un bote por ciclo de pasos.

NOTA : Serase estricto na aplicación da regra dos pasos na categoría alevín e muito mais permisivo na benxamín, ata o punto de que nos guiaremos mais polo feito de avanzar que polo número de apoios. Preferimos nos entrar en descripciones sobre que se considera un paso ata ver como queda a posible modificación da norma para a tempada próxima.

7.4 Permitirase tanto parado como en carreira dar un único bote e posteriormente recoller o balón cunha ou dúas mans.

7.5 Pasar o balón dunha man a outra sin perder o contacto con él.

7.6 Xogar o balón estando de xeonllos, sentado ou tumbado no chan.

Está prohibido :

7.7 Tocar o balón mais dunha vez, sin que antes teña tocado no chan, noutro xogador ou na portería. As recepcións defectuosas non se sancionan.

7.8 Tocar o balón por debaixo do xeonllo, excepto cando este teña sido lanzado por un contrario.

Xogo pasivo :

7.9 Non está permitido conservar o balón sin facer algún intento de atacar ou lanzar a portería. O xogo reanudarase cun saque de golpe franco contra o equipo que estaba en posesión do balón dende o punto donde se encontrase este no momento da sinalización da infracción.

7.10 Cando se observa unha posible tendencia o xogo pasivo, farase a xestoforma de advertencia para dar a oportunidade o equipo en posesión do balón de cambiar a súa forma de actuar ou de lanzar a portería.

REGLA 8 : Faltas e conducta antideportiva.

Está permitido :

8.1 a) Utilizar os brazos e as mans para bloquear o balón ou para apoderarse del.

b) Quitar o balón o contrario ca man aberta e dende calquera lado.

c) Utilizar o corpo para obstruír o camiño do contrario aínda que este non esté en posesión do balón.

d) Entrar en contacto corporal cun contrario de fronte, cos brazos flexionados e mantendo este contacto, controlalo e acompañalo.

Non está permitido :

8.2 a) Arrancar o balón o contrario, así como golpealo cando se encontra nas súas mans.

b) Bloquear ou empurrar o contrario con brazos, mans e pernas.

c) Reter o contrario, suxeitalo, empurralo ou botarse contra el en carreira ou en salto.

d) Molestar, estorbar ou poñer en perigo o contrario (con ou sin balón) de forma contraria as regras.

8.3 As infraccións a regra 8.2, cando a acción está dirixida principal ou exclusivamente cara o contrario e non o balón, sancionaranse progresivamente. A sanción progresiva significa que unha falta dese tipo non só debe castigarse cun golpe franco ou un lanzamento de 6 metros, pois vai máis aló do tipo de infracción que normalmente se produce na loita polo balón.

8.4 As expresións físicas e verbais que sexan contrarias o espírito deportivo consideranse constitutivas de conducta antideportiva. Isto aplícase tanto os xogadores como os oficiais dun equipo, dentro e fora do terreo de xogo. A sanción progresiva tamén se aplica no caso de conducta antideportiva. Esta acción sancionárase con lanzamento de 6 metros e posterior posesión de balón para o equipo contrario.

8.5 Un xogador que ataca a un contrario e pon en perigo a integridade física deste debe ser descalificado.

8.6 O comportamento antideportivo grave dun xogador ou oficial de equipo dentro ou fora do terreo de xogo sancionárase con descalificación.

8.7 En caso de “agresión”, o infractor será expulsado e seu equipo seguirá cun xogador menos o resto do encontro.

8.8 As infraccións contra as regras 8.2 e 8.7 sancionaranse cun lanzamento de 6 metros a favor dos contrarios, si a infracción directa ou indirectamente

evita unha clara ocasión de gol, si non a infracción sancionase cun golpe franco a favor do equipo contrario.

NOTA : Serase riguroso dende un primeiro momento en ambas categorías cos comportamentos defensivos que sistemáticamente estean encamiñados a destruír o xogo mediante faltas e favoreceranse por tanto aqueles que estean dirixidos a recuperación do balón.

Será obligatorio, como consecuencia:

8.9 Defender individualmente en todo o terreo. O incumplimento desta norma será sancionado de forma progresiva, cunha advertencia o oficial encargado e golpe franco e posteriormente cun lanzamento de 6 metros en contra do equipo infractor.

NOTA : Para permitir o cumprimento desa norma suprimimos as situacións de inferioridade provocadas por unha exclusión.

REGLA 9 : O gol.

9.1 Consíguese un gol cando o balón completo rebasa totalmente a liña de portería. O árbitro confirmará o gol con dous toques de silbato e a correspondente xestoforma.

9.2 Soamente os xogadores que estean actuando como xogadores de campo poderán conseguir gol.

9.3 Un lanzamento a portería non será nunca gol si o lanzador recibiu o balón dun pase do seu porteiro. En calquera caso o xogo continuará sin que o árbitro o interrompa salvo que a acción posterior así o recomende.

9.4 Un gol non poderá anularse unha vez que se teña reanudado o xogo co saque de portería.

REGLA 10 : O saque de árbitro.

10.1 O comezo do partido farase mediante un saque de árbitro e dende o centro do terreo. O árbitro lanzará o balón o aire e un xogador de cada equipo saltará para facerse con él.

10.2 O saque de árbitro o comezo de cada periodo disputaranos xogadores distintos de cada vez.

10.3 No caso dunha disputa polo balón entre dous ou mais xogadores, quedando este retido, o árbitro indicará “saque de árbitro”.

REGLA 11 : O saque de banda.

11.1 Ordenase saque de banda cando o balón franquee completamente a liña de banda ou cando un xogador do equipo defensor sexa o último en tocar o balón antes de que este rebase a liña de fondo dese equipo.

11.2 O saque de banda execútase, sin necesidade de toque de silbato por parte dos árbitros, polos xogadores contrarios o equipo do xogador que tocóu por ultima vez o balón antes de cruzar este a liña.

11.3 O saque de banda execútase dende o punto da liña de banda por onde o balón saíu do terreo de xogo ou, si saíu pola liña de fondo, dende a interseccion entre a liña de banda e esta.

11.4 O xogador que reanude o xogo deberá manter un pé en contacto ca liña ata que o balón teña saído da súa man.

11.5 Os xogadores do equipo contrario o do lanzador deberán manterse a un mínimo de dous metros de distancia deste ata que realice o saque.

11.6 Poderase conseguir gol a saque de banda.

REGLA 12 : O saque de porteria.

12.1 Ordenase un saque de porteria cando un porteiro controla o balón na súa área ou cando o balón sobrepase a liña de fondo logo de ter sido tocado por última vez polo porteiro ou por un xogador do equipo contrario.

12.2 O saque de porteria executao o porteiro, sin toque de silbato, dende calquera punto da área de porteria.

12.3 Despóis de cada gol reanudase o xogo cun saque de porteria do equipo que recibe o tanto e tamén sin toque de silbato.

12.4 O porteiro non pode tocar o balón unha segunda vez despois dun saque de porteria ata que este teña sido tocado por algún outro xogador.

12.5 O porteiro pode facer un saque por invasión da área por parte do equipo contrario dende calquera punto desta e sin esperar o toque de silbato.

12.6 O saque de porteria non poderá rebasar o campo propio en caso contrario o árbitro sinalará golpe franco no centro do terreo a favor do outro equipo.

REGLA 13 : O golpe franco.

13.1 En principio, os árbitros interrompen o xogo e reanudano cun golpe franco en contra cando :

- . O equipo en posesión do balón comete unha infracción as regras.
- . O equipo defensor comete unha infracción as regras que leva o equipo en posesión do balón a perdelo ou a non poder xogalo conforme o reglamento.

A execución do golpe franco :

13.2 Normalmente o golpe franco executarase sin toque de silbato e dende o lugar donde se cometiu a infracción.

13.3 Cando se executa un golpe franco os xogadores defensores deben permanecer a unha distancia mínima de dous metros do lanzador. Si o punto donde se cometiu a infracción está a unha distancia menor destes dous metros da liña da área o árbitro correxirá a posición do lanzador facendoo situarse a esta distancia da área para permitir así que se coloquen os defensores no lugar correcto.

13.4 Si o árbitro debe corregir a posición dos defensores ou a do lanzador o saque executarase logo dun toque de silbato.

REGLA 14 : O lanzamento de 6 metros.

14.1 Ordenase un lanzamento de 6 metros :

1. Cando se frustra unha clara ocasión de gol en calquera zona do terreo de xogo por parte dun xogador ou oficial do equipo non poseedor do balón.
2. Cando haxa un toque de silbato inxustificado no momento dunha clara ocasión de gol.
3. Cando unha clara ocasión de gol se frustra pola interferencia dalguén non participante no xogo.
4. Pola invasión voluntaria e beneficiosa da propia área.
5. Cando o porteiro abandona a área de porteria con ou sin balón.
6. Cando o porteiro recolla o balón estando este parado ou rodando fora da súa área.
7. Cando un xogador de campo pase o balón o propio porteiro.
8. Cando se defenda dentro da propia área.
9. Por insultar ou realizar accións ou xestos de menosprecio ou protesta cara os xogadores ou oficiais contrarios, árbitros ou público, sexan estas accións realizadas por xogadores ou oficiais.
Ademais, posteriormente, o equipo contrario o do infractor reanudará o xogo cun saque de porteria.
10. Cando se utilice unha defensa ilegal e o árbitro xa tivera advertido con anterioridad o oficial correspondente do equipo infractor.

Execucion dun lanzamento de 6 metros :

14.2 Executarase cun tiro a porteria dentro dos tres segundos seguintes o toque de silbato do árbitro.

14.3 O xogador que realice o lanzamento non poderá tocar ou rebasar a liña de 6 metros e deberá permanecer en contacto co chan ata que o balón saia da súa man.

14.4 Cando se estea executando un lanzamento de 6 metros os xogadores do equipo do lanzador teñen que permanecer detrás deste e a unha distancia non menor de 2 metros da liña da área ata que o balón saia da súa man. Si non o fixeran así o árbitro poderá sinalar golpe franco contra o equipo do lanzador.

14.5 Cando se estea executando un lanzamento de 6 metros os xogadores do equipo contrario o do lanzador teñen que permanecer detrás deste e a

unha distancia non menor de 2 metros da liña da área ata que o balon saia da súa man. Si non o fixeran así o árbitro poderá mandar repetir o lanzamento si este non termina en gol.

REGLA 15 : As sancións.

Amonestación :

15.1 Poderán sancionarse con amonestación :

- a) Aquelas faltas e infraccións similares no comportamento co contrario que non entren dentro da categoría de “sanción progresiva” da Regla 8.3.

Deberán sancionarse con amonestación :

- b) Aquelas faltas que deban sancionarse progresivamente.
- c) As infraccións cometidas cando os contrarios estean executando un saque ou lanzamento.

15.2 O árbitro indicará a amonestación ó xogador ou oficial infractor e ó cronometrador / anotador ensinando unha tarxeta amarela.

Exclusión :

15.3 Unha exclusión (2 minutos) debe sancionarse :

- a) Por faltas repetidas do tipo das que deben ser sancionadas progresivamente.
- b) Por infraccións repetidas cando os contrarios estean executando un lanzamento.
- c) Como consecuencia da descalificación dun xogador ou oficial durante o tempo de xogo.

15.4 O árbitro indicará claramente a exclusión ó xogador ou oficial e ó cronometrador / anotador ca xestoforma correspondente.

15.5 A exclusión dun xogador sancionarase ademáis cun lanzamento de 6 metros.

15.6 A exclusión dun oficial sancionarase ademáis cun lanzamento de 6 metros e perda de balón.

Descalificación :

15.7 Deben sancionarse con descalificación os casos seguintes :

- a) Si un xogador non autorizado a participar no xogo entra no terreo.
- b) Por faltas que poñan en perigo a integridade física do contrario.
- c) Por conducta antideportiva grave dun xogador ou oficial dentro ou fora do terreo de xogo.
- d) En caso dunha agresión por parte dun xogador ou oficial antes do encontro ou durante un procedemento de desempate.
- e) Logo da segunda exclusión do mesmo xogador.

f) Por conducta antideportiva reiterada por parte dun xogador ou oficial durante un descanso.

15.8 Os árbitros deberán indicar claramente a descalificación ó xogador ou oficial infractor e ó cronometrador / anotador levantando a tarxeta vermella.

Expulsión :

15.9 **Debe** sancionarse con expulsión :

a) Cando un xogador é culpable dunha agresión perante o tempo de xogo dentro ou fora do terreo de xogo.

15.10 Despois de anunciar un tempo morto os árbitros indicarán claramente a expulsión ó xogador e ó cronometrador / anotador utilizando a xestoforma adecuada.

REGLA 16 : Os árbitros

- a. Cada partido dirixirano un ou dous árbitros, ca mesma autoridade.
- b. Os árbitros observarán a conducta dos xogadores dende o momento que entren no recinto do partido ata que o abandonen.
- c. O sorteo efectuarao un dos árbitros en presenza dos capitáns.
- d. As decisións tomadas polos árbitros fundadas na observación dos feitos son irrevocables.
- e. Os xogadores ou oficiais poderán dirixirse os árbitros, de forma correcta e sin protestar para solicitar aclaración sobre a irregularidade cometida.